



CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

Proposta de modificación: Ordenanza fiscal número 28, reguladora da taxa pola expedición de documentos administrativos.

Artigo 1º. Fundamento e natureza

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1.985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a “Taxa por Expedición de Documentos Administrativos”, que se rexerá tanto pola presente Ordenanza Fiscal, así como, no seu caso, pola Ordenanza Xeral de Xestión, Recadación e Inspección dos Tributos e outros Ingresos Públicos, e demais normativa de aplicación, as normas da cal atenden ao previsto no artigo 57 e concordantes do citado Real Decreto Lexislativo 2/2004.

Artigo 2º. Feitó imponible

1. Constitúe o feito imponible da Taxa a actividade administrativa desenvolvida con motivo da tramitación, a instancia de parte, de toda clase de documentos que expida e de expedientes de que entenda a Administración ou as Autoridades Municipais, e que non estean gravados especificamente por outras taxas municipais.

2. Para estes efectos entenderase tramitada a instancia de parte calquera documentación administrativa que fose provocada pola persoa particular ou redunde no seu beneficio aínda que non mediara solicitude expresa da persoa interesada.

3. Non estará suxeita a esta Taxa a expedición de certificacións acreditativas das altas e baixas nos padróns fiscais dos distintos tributos de carácter local, do estado das débedas tributarias e da prescrición de dereitos a favor desta entidade, así como a tramitación de expedientes necesarios para o cumprimento dos deberes de colaboración coa Administración de Xustiza (entendidos estes no que se refire ás certificacións e informes solicitados de oficio polas autoridades xudiciais), os expedientes de devolución de ingresos indebidos, os recursos administrativos contra resolucións municipais de calquera índole e os relativos á prestación de servizos ou realización de actividades de competencia municipal e á utilización privativa ou o aproveitamento especial de bens de dominio público municipal, que estean gravados por outras Taxas Municipais ou polos que se esixa un prezo público por este Concello.

4. Así mesmo, non estará suxeita á taxa a obtención de copias dos documentos integrantes dos expedientes administrativos por parte dos membros da Corporación no exercicio das súas funcións como tales.

5. Igualmente considérase non suxeita á presente taxa, a expedición de documentos administrativos de calquera clase, solicitados por outras Administracións Públicas no exercicio das súas funcións, ou ben polos organismos autónomos ou sociedades mercantís dependentes destas sempre que actúen no cumprimento de fins de interese público, así como aqueles que se expidan a efectos de Seguridade Social e Servizos Sociais.

Artigo 3º. Suxeito pasivo

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria que soliciten, provoquen ou no interese da cal redunde a tramitación do documento ou expediente de que se trate.



CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

Artigo 4º. Responsables

A responsabilidade, solidaria ou subsidiaria, das obrigas tributarias do suxeito pasivo, aplicarase nos supostos e co alcance que se sinala nos artigos 41 a 43 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5º. Exencións

Só se admitirán os beneficios fiscais que veñan establecidos nas normas con rango de Lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.

Artigo 6º. Cota tributaria

1. A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa sinalada segundo a natureza dos documentos ou expedientes a tramitar, de acordo coa Tarifa que contén o artigo seguinte.

2. A cota da tarifa corresponde á tramitación completa, en cada instancia, do documento ou expediente de que se trate, dende a súa iniciación ata a súa resolución final, incluída a certificación e notificación ao interesado do acordo recaído.

Artigo 7º. Tarifa

1. A Tarifa á que se refire o artigo anterior, estrutúrase nos seguintes epígrafes:

| Concepto | Tarifa |
|--|--------------------|
| Epígrafe 1. Certificacións, compulsas e cotexos. | |
| 1. Pola compulsas ou cotexos de documentos para outras Administracións, por cada folla. Cando sexan máis de cinco documentos, aplicarase unha tarifa máxima de 5 euros. | 1,00 € |
| 2. Por certificados de convivencia e residencia, así como outros que requiran informe da policía local | 3,00 € |
| 3. Por certificación dos acordos adoptados polos órganos de Goberno | 3,00 € |
| Cando sexan de máis dun folio, por cada folio a maiores | 0,50 € |
| 4. Polo bastanteo de poderes que poidan surtir efecto nas tramitacións municipais | 10,00 € |
| 5. Por calquera outra certificación non incluída nos apartados anteriores | 5,00 € |
| Epígrafe 2. Fotocopias e Copias expedidas por máquinas do Concello | |
| 1. Reprodución de documentos emitidos polo Arquivo Municipal | 10,00 € |
| 2. Por fotocopias de documentos alleos a tramitacións municipais | |
| Fotocopia tamaño A4 B/N | 0,10 € |
| Fotocopia tamaño A4 a cor | 0,25 € |
| Fotocopia tamaño A3 B/N | 0,20 € |
| Fotocopia tamaño A3 a cor | 0,50 € |
| Epígrafe 3. Tramitación de contratos administrativos | |
| 1. Formalización de contratos administrativos | |
| Para todos os contratos que se formalicen até a contía de 50.000 euros de execución material | 150,00 € |
| Cota variable do 0,50% do orzamento de execución material no caso de contratos entre 50.001 euros e 100.000 euros. | 0,50% orzamento |
| Cota variable do 1% do orzamento de execución material no caso de contratos superiores a 100.001 euros. | 1% orzamento |
| 2. Copias dos Pregos de Contratación ou proxectos | 20,00 € |
| Epígrafe 4. Dereitos de exame | |
| 1. Acceso a funcionarios/as de carreira e persoal laboral fixo, así como acceso a funcionarios/as internos/as ou persoal laboral interino/a non acollido a programas temporais de emprego. | |
| Prazas do Grupo A, Subgrupo A1 ou persoal laboral equivalente | 50,00 € |



CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

| | |
|---|---------|
| Prazas do Grupo A, Subgrupo A2 ou persoal laboral equivalente | 45,00 € |
| Prazas do Grupo B ou persoal laboral equivalente | 40,00 € |
| Prazas do Grupo C, Subgrupo C1 ou persoal laboral equivalente | 30,00 € |
| Prazas do Grupo C, Subgrupo C2 ou persoal laboral equivalente | 25,00 € |
| Prazas Grupo Agrupacións Profesionais ou persoal laboral equivalente | 20,00 € |
| Epígrafe 5. Documentos expedidos ou estendidos polas Oficinas Municipais | |
| 1. Expedición de permisos de armas | 6,00 € |
| 2. Expedición de copias de atestados da Policía Local | 8,00 € |
| 3. Certificados sobre cuestións en materia de Urbanismo referentes a procedementos que deban surtir efectos noutros Organismos Públicos | 10,00 € |
| 4. Pola copia de proxectos existentes nos expedientes do Arquivo Municipal | 30,00 € |
| Epígrafe 6. Outros expedientes e documentos | |
| 1. Inscripción no Rexistro de parellas de feito | 5,00 € |
| 2. Certificacións catastrais | 3,00 € |
| 3. Por cada expediente de concesión de licenza ou autorización municipal non tarifado especificamente por outra taxa | 20,00 € |
| 4. Por calquera outro expediente ou documento certificado non tarifado expresamente | 30,00 € |

2. No caso de que na mesma instancia se soliciten varias certificacións ou a expedición de varios documentos dos gravados coa presenta taxa, a tarifa a aplicar estará constituída pola suma das tarifas correspondentes a cada un dos documentos solicitados.

Artigo 8º. Bonificación da cota

Non se concederá bonificación ningunha dos importes das cotas tributarias sinaladas na Tarifa desta Taxa.

Artigo 9º. Remuneración

1. Devengarase a taxa e nace a obriga de contribuír cando se presente a solicitude que inicie a tramitación dos documentos e expedientes suxeitos a tributo.

2. Nos casos a que se refire o número 2 do artigo 2º, a remuneración prodúcese cando teñan lugar as circunstancias que provean a actuación municipal de oficio ou cando esta se inicie sen previa solicitude do interesado pero redunde no seu beneficio.

3. A obriga de contribuír, unha vez nacida, non se verá alterada pola denegación da petición ou pola renuncia ou desestimento do solicitante, sempre que a actividade municipal se iniciase efectivamente, e independentemente de que o interesado retirara o correspondente documento administrativo.

Artigo 10º. Declaración e ingreso

1. De conformidade co previsto no artigo 26.1.b) do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, toda solicitude, para que poida ser admitida a trámite, deberá acompañarse do xustificante do pagamento da presente taxa.

2. Ao amparo do establecido no artigo 27 do citado texto legal, o importe da taxa regulada na presente Ordenanza, esixirase en réxime de autoliquidación, debendo presentarse simultaneamente coa oportuna solicitude, non causando dereito ningún naqueles casos en que do expediente se



CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

derive unha petición de licenza ou autorización, que só poderán levarse a cabo cando se obteñan estas.

En todo caso, unha vez iniciado o expediente, a Administración municipal poderá comprobar a realidade dos datos achegados pola persoa interesada así como calquera outros que haxan de servir de base para o cálculo dos dereitos correspondentes e, á vista dos resultados de tal comprobación, practicará a liquidación provisional, con dedución do, se é o caso, ingresado mediante autoliquidación.

A práctica da liquidación, no seu caso, éo sen prexuízo da potestade administrativa para a inspección dos datos declarados ou da actividade desenvolvida realmente polo suxeito pasivo, e para a aplicación de sancións, se iso fose procedente.

3. Todas as liquidacións que se practiquen como consecuencia da regulado nos apartados anteriores serán notificadas aos obrigados ao pagamento da taxa, para o seu ingreso nas arcas municipais, a través de entidade colaboradora correspondente, utilizando os medios de pagamento e os prazos que sinala a Lei Xeral Tributaria e normas ditadas no seu desenvolvemento.

4. Os escritos recibidos polos condutos distintos do Rexistro Municipal, a que fai referencia o artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que non veñan acompañados do xustificante de ingreso dos dereitos correspondentes, serán admitidos provisionalmente pero non poderá dárselles curso sen que se emende a deficiencia ao fin da cal se requirirá ao interesado para que no prazo de dez días contados a partir do seguinte a aquel en que lle sexa notificado o devandito requirimento, aboe as cotas correspondentes co apercibimento de que transcorrido o devandito prazo sen efectualo, se terán os escritos por non presentados e será arquivada a solicitude, previos os trámites oportunos.

Artigo 11º. Infraccións e sancións

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que por estas correspondan en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 181 e seguintes da Lei Xeral Tributaria e na normativa regulamentaria ditada en desenvolvemento desta última.

Disposición final

A presente Ordenanza final, aprobada inicialmente polo Pleno da Corporación en sesión realizada o __ de xaneiro de 2017, quedou definitivamente aprobada despois de transcorrido o período de exposición pública sen reclamacións; entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación definitiva no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación a partires da súa entrada en vigor, manténdose vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.



CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

DITAME DA COMISIÓN DE FACENDA

Visto o expediente tramitado para a modificación do tributo: taxa pola expedición de documentos, e da correspondente ordenanza fiscal reguladora, así como, documentación que consta no devandito expediente co informe de Intervención.

O concelleiro de PDDdG do grupo Mixto Xosé Manuel Pérez Sardiña considera que non se debería cobrar pola 1ª ou 2ª certificación que se solicite, si nas seguintes para evitar abusos, afectaría aos epígrafes 1º, 5º e 6º.

O Sr. Alcalde manifesta que si hai informe social xa non se cobra, ata a data non se presentou ningún problema, as actas xa son publicas e non ve necesidade desta redución.

O Sr. Pérez Sardiña anuncia que presentará voto particular.

Despois de estudado o asunto a Comisión cos cinco membros a favor, dos membros dos grupos popular, socialista e concelleiro de AEC, unha abstención do concelleiro do BNG e un en contra do concelleiro de PDDdG, ditamina a favor da aprobación polo pleno do seguinte acordo:

1.º.-Aprobar provisionalmente a modificación do tributo local: taxa por expedición de documentos administrativos, así como a correspondente ordenanza fiscal reguladora.

2.º.-Someter a información pública o referido acordo e o texto da ordenanza reguladora polo prazo de trinta días a través de anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Casa do Concello.

3.º.-No caso de que non se presentaren reclamacións no prazo anterior, o acordo adoptado entenderase definitivamente aprobado, procedendo a publicación íntegra do texto aprobado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

Cabanas 19 de xaneiro de 2017.

O Alcalde-Presidente

O Secretario

Asdo. Germán Castrillón Permuy

Asdo. Antonio López Vila

VOTO PARTICULAR

ASUNTO: sobre modificación da ordenanza fiscal número 28, reguladora da taxa pola expedición de documentos administrativos

Ó abeiro do establecido na lexislación vixente o Grupo político municipal Mixto a través do seu voceiro de Somos Cabanas - Participación Democrática Directa presenta o seguinte voto particular ao ditame da Comisión de Facenda e contas de 19 de xaneiro de 2016 para o seu debate e votación no vindeiro Pleno ordinario da Corporación de xaneiro de 17:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Tendo en conta o debate en Xunta de Voceiros e na Comisión de Facenda e Contas de 19 de xaneiro de 2016 sobre a taxa pola expedición de documentos administrativos.

Co fin de contribuír á mellora da ordenanza nalgúns aspectos concretos por cuestións sociais ou funcionamento básico da Corporación, así como potenciais gastos non contemplados.

É por iso que propoñemos incorporar as seguintes modificacións:

1. Substituír a redacción do apartado 4 do Artigo 2º. Feito imponible

"4. Non estará suxeita ao pagamento da presente taxa a expedición daqueles documentos que, a solicitude dos membros da Corporación no exercicio das súas funcións ou do propio funcionariado municipal, expida o Concello para a súa incorporación a expedientes que tramiten ou teñan relación coa Administración municipal".

2. Engadir no Artigo 5º. Exencións o seguinte parágrafo

"O suxeito pasivo terá exenta dentro de cada ano natural a primeira certificación que solicite, sempre que lle afecte directamente, no Epígrafe 1 apartados 2, 3 e 5 do artigo 7º".

3. Substituír no artigo 7º Tarifa o Epígrafe 6, apartado 1 polo seguinte texto:

"Cancelación da inscrición no Rexistro de parellas de feito".

4. Engadir o seguinte apartado no Artigo 10º. Declaración e ingreso

"5. Os gastos orixinados con motivo do envío de documentos ou expedientes por correo, serán en todo caso por conta da persoa solicitante. En caso de que a solicitude indique a entrega, por calquera medio, fóra das oficinas municipais, os documentos serán remitidos a portes debidos. Se non se expresar a forma de entrega entenderase que esta se realizará nas oficinas municipais no horario habitual".

Cabanas, 20 de xaneiro de 2017

Xosé Manuel Pérez Sardiña

OFICINA REXISTRO XERAL-CONCELLO DE
CABANAS

Entrada

Nº 201700000000093 20/01/2017 11:44:41